



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/04/2017 11:59:25

ENTRADA 8040 / RX 978615



Sra. Directora Xeral de Calidade  
Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente e  
Ordenación do Territorio  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consultas na Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria do proxecto de Repotenciación do Parque Eólico Corme (Ponteceso, A Coruña), promovido por Desenvolvementos Eólicos de Corme, SAU, clave 2017/0030,

## EXPÓN:

1. Que en 1996 a Consellería de Industria e Comercio encargou a realización do Proxecto de Ordenamento Eólico de Galicia (tamén chamado Plan Eólico Estratéxico de Galicia) á empresa privada APASA-GAMESA, que se converteu así en xuíz e parte ao ter naquela data o 22% da potencia eólica concedida en Galicia. A consecuencia directa foi que na planificación eólica de Galicia se primasen os intereses empresariais obviando ou minusvalorando os criterios ambientais. Ademais, os impactos ambientais agraváronse ao aceptar as Consellerías de Industria e de Medio Ambiente a tramitación fragmentada de pequenos parques eólicos "virtuais" próximos ou adxacentes, a miúdo dunha mesma empresa, evitando así a avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos dos parques eólicos "reais" sobre o medio natural.
2. Que a conclusión do exhaustivo traballo de Atienza et al. (2011) sobre a enerxía eólica en España é que *"los parques eólicos no están sendo avaliados de forma adecuada y eso conlleva la autorización de muchos parques que están provocando elevados impactos ambientales"*.
3. Que os proxectos de repotenciación dos parques eólicos existentes deberan contemplar non só a "actualización tecnolóxica" dos mesmos, como pretenden as empresas solicitantes, senón tamén a súa "actualización ambiental" para corrixir os erros cometidos no pasado e conseguir que, ademais de renovable, a enerxía eólica en Galicia sexa o máis "amigable" posible co medio natural.
4. Que, en base as estimacións de Atienza et al. (2011) de que anualmente morren en España entre 4 e 18 millóns de aves e morcegos nos parques eólicos (153 a 551 individuos/Mw/ano) e a contribución de Galicia á potencia eólica de España (3289 dos 26671 Mw instalados), a mortalidade de vertebrados voadores ocasionada polas instalacións eólicas (aeroxeneradores e tendidos eléctricos) en Galicia estaría entre medio millón e case dous millóns de aves e morcegos anualmente.
5. Que a *"Memoria ambiental referida al anteproxecto de repotenciación del Parque Eólico de Corme"* non avalía axeitadamente nin intenta reducir ao mínimo posible os impactos sobre a "ZEPA ES0000176 Costa da Morte (Norte)" e "Zona de Especial Conservación ES1110005 Costa da Morte", e ignora completamente os posibles impactos sobre a "ZEPA marina ES0000497 Espacio marino de la Costa da Morte". De feito, mentres que na situación actual un 26% dos aeroxeneradores (16 de 61) se atopan en zona Rede Natura 2000, no proxecto de repotenciación esa porcentaxe sube ao 57% (4 de 7), amosando con claridade que o esforzo de redución do número de aeroxeneradores foi moito maior fóra da zona Rede Natura.
6. Que a *"Memoria ambiental referida al anteproxecto de repotenciación del Parque Eólico de Corme"* pretende facer pensar que a mortalidade de vertebrados voadores por colisión contra os aeroxeneradores instalados hai 17 anos é moi baixa:

*"... del seguimiento realizado hasta la fecha, con más de 90 visitas a campo, se concluye que el número de colisiones no es elevado. Tan solo se han identificado 17 colisiones en 15 años, 13 de las cuales ocurrieron durante los 2 primeros años de explotación previa clausura de un vertedero localizado en el ámbito de estudio."*



*El ratio acumulado de colisiones es de 1,31 aves/parque/año y 0,02 aves/parque/aerogenerador. Este valor está muy por debajo del rango comparativo patrón establecido en la bibliografía de referencia Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (2012, SEO/BirdLife, Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino)..”*

Pero os redactores do documento omiten interesadamente calquera mención á se a metodoloxía empregada para o seguemento de aves e quirópteros mortos se axusta ás recomendacións feitas na propia publicación que cita. Ao respecto e como mínimo, cabe salienta que 90 visitas de campo son moi insuficientes para detectar a mortalidade durante 17 anos segundo os expertos na materia (véxase solicitude nº 6 relativa ao Programa de Vixilancia Ambiental ).

7. Que a avaliación do impacto visual dos novos aeroxeneradores é manifestamente deficiente:

*“Cabe señalar que para determinar la accesibilidad visual en la fase de explotación con el aerogenerador tipo se ha simulado una altura de afección de 100 m (incremento de 55 m respecto al análisis realizado para la actual situación), equivalente a la altura de buje más desfavorable” (páx. 58 do PDF).*

Semella que os redactores do proxecto se confundiron nunha suma tan simple como que unhas aspas de 50-60 m de lonxitude (100-120 m de diámetro dos rotores) montadas sobre torres de 80-100 m de altura fan que a parte máis elevada do aeroxenerador se sitúe a 130-160 m de altura sobre a rasante do terreo, é dicir, entre 30 e 60 m máis que a empregada na simulación do impacto visual.

8. Que, malia a forte redución do número de aeroxeneradores na zona (de 61 a 7), o enorme incremento da altura das torres (de 24 m a 80-100 m) e do diámetro dos rotores (de 30 m a 100-120 m) fai esperable unha maior afección sobre a fauna de aves e quirópteros pois:
- Conlevaría un aumento dun 72% na superficie total barrida polos rotores, que pasaría de 46017 m<sup>2</sup> a 79128 m<sup>2</sup>.
  - Diversos autores teñen alertado de que no caso de aumentar máis a altura dos aeroxeneradores podería aumentarse a taxa de mortalidade ao interceptar a altura de voo das aves que realizan migracións nocturnas (Atienza et al., 2011).
9. Que o desmantelamento proxectado das instalacións existentes non contempla, como debera, a *“restauración medioambiental según las condiciones iniciales”* pois:
- No caso das zapatas de formigón dos aeroxeneradores pretende *“esconder debaixo dunha alfombra de terra”* unha boa parte das mesmas: *“Para el desmantelamiento de estas infraestructuras la solución a adoptar consistirá en la fragmentación de los primeros 50 cm desde la cota de terreno natural y permanencia del resto de la base.”*
  - No caso das arquetas, zanzas e moxóns indícase que *“Durante el desmantelamiento de los viales estas pequeñas piezas deben ser eliminadas ya sea fragmentándolas y dejándolas enterradas o mediante eliminación como residuos con el resto de material extraído de los viales.”*
10. Que unha mínima reflexión a propósito do nome do Ray-grass INGLÉS (*Lolium perenne*) e o Ray-grass ITALIANO (*Lolium multiflorum*) debera levar aos redactores do proxecto a considerar que ditas especies non son axeitadas para revexetar un espazo natural en GALICIA.

## SOLICITA:

1. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
- Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico.



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> [e-mail:sghn@sghn.org](mailto:e-mail:sghn@sghn.org) CIF: G15037211

- b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
  - c. Os espazos protexidos ZEPA ES0000176 Costa da Morte (Norte), Zona de Especial Conservación ES1110005 Costa da Morte e ZEPA marina ES0000497 Espacio marino de la Costa da Morte, e contemple a alternativa de 0 aeroxeneradores dentro da Rede Natura 2000.
2. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, ou para mitígalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería:
- a. Adaptar o trazado dos viais e emprazamento dos aeroxeneradores para evitar afeccións á flora.
  - b. Avaliar alternativas e medidas correctoras para minimizar a mortalidade de anfibios, réptiles e micromamíferos nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - c. Avaliar alternativas e medidas correctoras para minimizar a mortalidade de aves e morcegos por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital. Ao respecto, o EIA debería analizar os datos dispoñibles de mortalidade de aves e morcegos contra os aeroxeneradores existentes para determinar se algún(s) emprazamento(s) son máis perxudiciais para ditas especies e telo en conta na decisión de ubicación dos novos aeroxeneradores.
  - d. Contemplar a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas para os os hábitats esenciais (lugares de alimentación, cría, dispersión, muda, descanso, parada migratoria e invernada) nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe a mortalidade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e nas liñas de evacuación e a adopción de medidas eficaces para mitígalas.
4. Que o EIA avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos (autorizados ou proxectados, incluídas as repotenciacións), así como das restantes infraestruturas asociadas (tendidos eléctricos, subestacións, pistas de acceso, etc.), nun radio de 10-15 km.
5. Que se esixa ao promotor do proxecto o cumprimento das recomendacións de SEO/BirdLife (véxase Atienza et al., 2011) e da Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Murciélagos (SECEMU; véxase González et al. 2013) para reducir o impacto do parque eólico sobre as poboacións de aves e de quirópteros:
- a. Evitar a instalación de aeroxeneradores a menos de 200 m de distancia a hábitats de risco: formacións boscosas naturais, cursos e masas de auga, crestas e collados entre montañas.
  - b. Evitar a instalación de aeroxeneradores a menos de 2 km de distancia de refuxios de interese rexional, nacional ou internacional para a conservación dos quirópteros.
  - c. Reducir a atracción que exercen sobre as aves (e indirectamente os quirópteros, pola atracción de insectos) as balizas para seguridade aérea situadas na parte superior dos aeroxeneradores, instalando



modelos que non emitan luz de xeito continuo, senón intermitente e coa menor duración posible dos intervalos de encendido.

- d. Evitar a instalación de parques eólicos en zonas con máis de 20 días/ano de néboa, pois as condicións de baixa visibilidade (menos de 200 m en horizontal) están asociadas co risco de colisión das aves.
  - e. Incrementar a visibilidade das hélices polas aves, pintándoas con pintura distintiva ou UV.
  - f. Instalar modelos de aeroxeneradores que funcionen con menor velocidade de rotación.
  - g. Deter a actividade das turbinas en caso de condicións que agravan o risco de mortalidade por colisión: meteoroloxía adversa e noites con paso migratorio importante.
  - h. Establecer o arranque dos aeroxeneradores a velocidades de vento maiores de 5-6 m/s nos periodos de maior mortalidade de morcegos (primeiras horas da noite e meses de xullo a outubro), pois permite reducir en máis dun 50% a mortalidade de morcegos cunha perda de produción enerxética de apenas un 1% anual.
  - i. Instalar sistemas de detección remota de aves e morcegos en tempo real, que activen automaticamente o sistema de alerta e parada dos aeroxeneradores cando hai aves ou morcegos presentes dentro da zona de risco de colisión.
6. Que se esixa ao promotor do proxecto a implementación dun Programa de Vixilancia Ambiental rigoroso (véxanse Atienza et al., 2011; González et al. 2013) que contemple:
- a. Realizar un seguemento da mortalidade de aves e morcegos por personal cualificado con utilización de cans adiestrados (as simples inspeccións oculares teñen escasa fiabilidade), cunha periodicidade axeitada (quincenal en inverno, semanal en primavera e outono, e cada dous días en verán) durante un ano antes de autorizar as obras de repotenciación e alomenos durante 3 anos despois da entrada en funcionamento dos novos aeroxeneradores, complementados con estudos de control ao cabo de 5, 10 e 15 anos.
  - b. Realizar ensaios de detección de cadáveres polos observadores e de tasa de desaparición dos mesmos en función da climatoloxía e do consumo por especies carroñeras, para poder estimar a mortalidade real a partires da mortalidade detectada.
  - c. Avaliar o impacto do parque eólico por perda ou deterioro de hábitats e molestias á fauna de aves e quirópteros. Como zona de control debe establecerse un área con vexetación e estrutura da paisaxe semellante sita alomenos a 500 m dos aeroxeneradores.

En Santiago de Compostela, a 18 de abril de 2017

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ▶ Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid.
- ▶ González, F., Alcalde, J. T. & Ibáñez, C. (2013). Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poblaciones de murciélagos en España. SECEMU. Barbastella, 6 (núm. especial): 1-31.